

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 17 de marzo de 2014

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Aguete, Pilar
Orge Míguez, José Carlos
Valcárcel Fernández, Patricia
Barreiro Carril, M^a Cruz
Torres Pérez, Francisco

Arias Martínez, M^a Antonia
Barahona Martín, Magdalena
Bouso Cedrón, Pedro
Bruna Quintas, María Cristina
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a Belén
García Gestoso, M^a Noemi
Ibáñez Paz, Regina
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa
Muleiro Parada, Luis Miguel
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Domínguez, Mar
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

Salgado André, Elena

Álvarez Francés, Irene
Crespo Gómez Laura
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Docampo Dorado, Lía
Estévez Castro, Águeda
Fernández González, Brais
Fernández Huidobro, Adrián
Francisco Bargiela, Agustín
Guerrero Gesteira, Isabel

Rubianes Ferro, José Luis

Macías Cambra, Henrique
Ramil Vázquez, Paula
Rivas Suanzes, María Fernanda
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 12.00 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informes da Sra. Decana
3. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do ano 2013.
4. Aprobación, se procede, da distribución do orzamento do ano 2014.
5. Aprobación, se procede, do calendario de presentación dos TFG e modificación das datas de defensa dos mesmos.
6. Aprobación, se procede, dos horarios provisionais das titulacións do Centro.
7. Aprobación, se procede, dos criterios para o reparto de recoñecementos docentes entre o profesorado.
8. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informes da Sra. Decana

A Sr^a Decana informa dos seguintes puntos:

- a) A Decana escusa a ausencia á reunión da profesora Teresa Estévez. En relación con este punto, explica que a asistencia á Xunta é un dato relevante a efectos do VAD e a efectos do recoñecementos de créditos para o sector do alumnado, polo que a escusa de asistencia terá que estar fundamentada adecuadamente.
- b) Os problemas derivados do mal funcionamento de certos ordenadores das aulas se está a solventar a través de ordenadores portátiles, que se atopan na conserxería, en tanto non se coñeza a dotación para laboratorios docentes informáticos, momento no que se procederá á súa renovación.
- c) Os profesores que desexen recibir formación para a docencia en inglés poderán asistir a un curso que organizarase a través do Centro de Linguas a partir do mes de xuño. Os alumnos que desexen recibir cursos de inglés, poderán facelo a partir de setembro. A este respecto, o Decanato pedirá o devandito Centro que organice un curso de linguas na propia Facultade.
- d) O acto de graduación dos alumnos de Relacións Laborais e Recursos Humanos está fixado para o día 13 de xuño, data na que pode asistir o padriño externo, Don José Antonio Muñoz Codina.
- e) A decana felicita ao equipo decanal por incorporar ao profesor Francisco Torres Pérez en substitución da profesora Patricia Valcárcel, agradecendo os servizos prestados por esta, tanto como Secretaria como Vicedecana, e que presentou a súa renuncia por razóns persoais. A Decana informa tamén que a profesora Emma Rodríguez Rodríguez presentou a súa renuncia á secretaría da Facultade por razóns persoais, polo que temporalmente exercerá as funcións relativas a este cargo a profesora María Cruz Barreiro Carril. A decana informa que enviará un correo electrónico aos profesores do Centro para informar sobre este punto, pero entendeu que a Xunta de Facultade debería ser o primeiro órgano en coñecer esta situación.
- f) Creouse unha praza de PAS con formación informática para soporte técnico se segue contando co bolsreiro de informática.

3. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do ano 2013.

A Decana explicou que o orzamento executouse de acordo coa memoria económica que se enviou aos membros da Xunta no arquivo adxunto.

O alumno Miguel Diéguez pediu a palabra para manifestar que, segundo a información por el manexada, a tarifa telefónica contratada é o dobre da máis cara que se oferta no mercado. A Decana explicou que a contratación da tarifa telefónica non se xestiona polo Decanato senón pola Xerencia da Universidade e dixo que consultaría á Reitoría como xestiona a devandita tarifa.

Miguel Diéguez preguntou acerca da razón pola que o gasto en cortinas no bloque A ascendera a 9000 euros. A Decana explicou que a renovación das cortinas fíxose de acordo coa unidade técnica. A profesora Mar Rodríguez, que se ocupara da cuestión como vicedecana no seu momento, confirmou que o coste era certamente moi elevado. A Decana explicou que proximamente haberá máis gastos en cortinas dado que as cortinas de tódolos despachos que dan ao sol deberíanse ir renovando pouco a pouco.

Ademais, Miguel Diéguez preguntou en que conceptos gastouse a partida "conferencias". A Decana explicou que gastouse nos viaxes dos conferenciantes e no pagamento das propias conferencias e lembrou que tódolos actos que teñen lugar no centro apróbanse no respectivo órgano colexiado e que o Decanato anoia as iniciativas que noda ter calquera membro da

Facultade neste senso, se a Xunta está de acordo.

A profesora Elena Martínez Hens volveu a insistir no escrito que fixera chegar ao Decanato no que pedía unha explicación sobre os criterios seguidos para a adxudicación de novos ordenadores, dado que non cree que o criterio seguido fora o de profesores a tempo completo, e preguntou cantos ordenadores foron comprados e a que profesores lles foron asignados. Así mesmo, preguntou polos teléfonos que foron instalados no centro. Respecto da cuestión dos teléfonos, a Decana explicou que os teléfonos que se compraron foron o do Salón de Graos, o da aula de videoconferencia e un inalámbrico para o Decanato onde está a asistencia a Posgrao e outro en Vicedecanato. Os teléfonos que se instalaron nos despachos dos profesores foi por conta dos servicios informáticos da Universidade. Respecto dos ordenadores, a decana explicou que o Decanato compra en xeral, ordenadores para a docencia. A dotación global está no orzamento. A profesora Elena Martínez Hens preguntou se nese montante incluíuse algún ordenador asignado a algún profesor que xa tivera un ordenador en funcionamento. A Decanato aclarou que tódolos ordenadores que se compraron foron para a docencia, para docentes que os precisaban para a docencia, porque os que tiñan quedaran obsoletos. A profesora Elena Martínez Hens pon de manifesto que ten dereito a solicitar un ordenador máis moderno. A Decana lembra que precisamente comprouse un ordenador para un profesor da súa área, o profesor Ángel Mariño.

Henrique Martínez Cambra precisou que mentres na liquidación do orzamento aparecen desglosados os gastos en “atención protocolarias” e en “publicidade e “propaganda”, non aparecen deste xeito na memoria económica.

Someteuse a memoria económica a votación que se aprobou con 24 votos a favor, 5 en contra e 7 abstencións.

4. Aprobación, se procede, da distribución do orzamento do ano 2014.

A Decana explicou que o orzamento mantense nas mesmas liñas que o do ano anterior, aumentándose as partidas do acto de licenciatura e atencións protocolarias así como a partida da Delegación de Alumnos que se incrementou en 500 euros.

O alumno Migue Diéguez pon de manifesto que a dotación asignada aos gastos en teléfono móbil da decana lle parece excesiva. A Decana comenta que a dotación que figura no orzamento é unha previsión polo que se mantén a contía do exercicio anterior e se logo fose posible farase unha transferencia do diñeiro sobrance a outras partidas. Ademais, lembra que esta partida non se fixa dende o Decanato. Miguel Diéguez di que a tarifa contratada supera a máis cara do mercado que é de 1.000 euros anuais.

Someteuse o orzamento a votación, que se aprobou con 30 votos a favor, 1 voto en contra e 6 abstencións.

5. Aprobación, se procede, do calendario de presentación dos TFG e modificación das datas de defensa dos mesmos.

Aprobouse nos seguintes termos:

1.- Calendario de depósito dos TFG. ,

- Convocatoria de xuño:

Entrega da versión definitiva ao tutor/a: 7 de maio de 2014

Depósito da versión definitiva no Decanato do Centro: 21 de maio de 2014

- Convocatoria de xullo:

Entrega da versión definitiva ao tutor/a: 24 de xuño de 2014

Depósito da versión definitiva no Decanato do Centro: 7 de xullo de 2014

2.- Corrección de erros nas datas de defensa dos TFG.

Advertidos unha serie de erros nas datas da defensa dos TFG se rectifican e quedan como se expón de seguido:

- Convocatoria de xuño:

Grado en Dereito: 3 xuño

Grado en RRLL e RRHH: 4 xuño

- Convocatoria de xullo:

Grado en Dereito: 21 xullo

Grado en RRLL e RRHH: 22 xullo

O profesor Angel Mariño, despois de por de manifesto que lle parece moi boa idea a de fixar unha data previa de entrega do traballo ao titor con anterioridade ao depósito no Decanato, explicou que percibe que os alumnos non están preparados nas cuestións didácticas e metodolóxicas que esixe facer o TFG. A Decana manifestou que tal percepción é unha preocupación común, polo que se considerará a realización dunha xornada sobre cuestións metodolóxicas dos TFGs para o curso que vén, con anterioridade ao inicio dos traballos. O devandito curso sería impartido voluntariamente por profesores, polo que pide que aqueles interesados o poñan en coñecemento do Decanato. En relación con este aspecto, haberá que determinar que quizás resulte axeitado realizar o devandito curso a principios do segundo cuatrimestre, pois é cando os alumnos se matriculan definitivamente no TFG. A Decana tamén considerou a posibilidade de que dende o primeiro curso, se esixa nalgunha materia de cada curso a realización dun traballo para ir preparando aos alumnos, dalgún xeito, para a futura realización do TFG, pedindo aos coordinadores dos Graos que traten esta cuestión.

A profesora Amparo Rodríguez informou que a biblioteca da Universidade de Vigo organiza un curso sobre cómo consultar fondos bibliográficos que poden realizar os alumnos e que é recoñecible por créditos.

A Decana explica que determinadas cuestións (actualizadas) relativas aos TFGs non se atopan na páxina web da Facultade, debido a que dende decembro a páxina non ten apoio técnico, cuestión que se solventará nos próximos vinte días. Para informar destas cuestións, enviárase un e-mail aos profesores que dirixan TFGs para que fagan chegar o novo calendario aos seus alumnos, respondendo deste xeito á pregunta da profesora Teresa Martínez Táboas sobre cómo se vai difundir esta información. A profesora Noemí García Gestoso salienta a necesidade de que ademais de enviar o aviso por e-mail se colgue na páxina web a normativa actualizada mailas novas datas de entrega dos TFGs.

O alumno Agustín Francisco queixouse do feito de que os alumnos que realizan o TFG teñen o mesmo prazo de uso dos libros prestados polas bibliotecas da Universidade de Vigo que calquera outro alumno, ao que a Decana respondeu que o Decanato ven adquirindo moitos libros para utilizar na biblioteca da Facultade.

O alumno Miguel Diéguez suscribiu e agradeceu a intervención do profesor Ángel Mariño e agradeceu á profesora Amparo Rodríguez a información facilitada.

A alumna Águeda Estévez Castro informou que o réxime de préstamo de libros prevé a posibilidade de que a partir do terceiro curso de Grao os alumnos poidan utilizar os libros en préstamo durante períodos máis prolongados. Ademais pediu que calquera modificación no réxime dos TFGs se informe aos alumnos e expresou a petición da Delegación de alumnos de ampliación en 3 créditos da matrícula, de modo que o límite máximo de 75 pase a ser de 78, para solventar, deste xeito, os problemas derivados da existencia de materias de 6 e 9 créditos, coa matriculación do TFG.

6. Aprobación, se procede, dos horarios provisionais das titulacións do Centro.

A Decana fixo dúas aclaracións. Por un lado, a finalidade destes horarios é como o ano pasado, que os Departamentos teñan coñecemento desta cuestión, á hora de asignar a docencia no momento da configuración do POD, cuestión de especial relevancia para a titulación de Relacións Laborais e Recursos Humanos que conta con profesores doutros ámbitos que imparten docencia noutros centros. Por outro lado, traballouse con franxas horarios, de xeito que poderanse facer intercambios entre os profesores que o acorden.

A profesora Noemí García Gestoso solicitou, facendo referencia a un e-mail que mandara nun primer momento solicitando a previsión dos horarios da simultaneidade ADE-Dereito ou información ao respecto, así como a outro e-mail que mandou co obxecto do que agora manifesta, que se pospoña a aprobación provisional dos horarios do Grao en Dereito e en Relacións Laborais a unha Xunta posterior na que se presenten e aproben tamén os horarios do primeiro curso da simultaneidade, para estar en disposición de coñecer previamente os horarios dende un punto de vista global. A razón desta solicitude é que

considera que para os profesores con docencia no primeiro curso é necesario facer a aprobación conxunta, xa que uns horarios condicionan decisivamente os outros, máis aínda tendo en conta que algúns profesores tamén teñen docencia noutros cursos polo que debe existir unha información previa máis completa. A Decana manifestou que as coincidencias de horarios nun mesmo profesor dentro do centro resolveranse dentro do centro, e que non pode acollerse a proposta da profesora García Gestoso.

O vicedecano Francisco Torres agradece aos profesores os erros de solapamento detectados na proposta de horarios provisionais, e en particular, á profesora Noemí García Gestoso.

O alumno Miguel Diéguez únese á proposta da profesora Noemí García Gestoso, engadindo, que como representante de alumnos, gustaríalle ter coñecido os horarios con máis antelación para poder coñecer o seu parecer.

A profesora Teresa Martínez Táboas pediu que o Decanato sexa receptivo a posibles modificacións que poidan ser necesarias tendo en conta que o POD non está aprobado e que non se coñecen aínda os horarios da simultaneidade. A Decana explicou que a decisión de aprobar os horarios provisionais neste momento beneficia aos profesores de Dereito, dando preferencia ao Grao fronte a simultaneidade. Ademais informa de que Jorge Falagán é o coordinador da devandita simultaneidade ADE-Dereito, nomeado polos decanatos dos respectivos centros.

Tras corrixir algúns erros, aprobáronse os horarios para o Grao en Dereito e o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, nos termos que figuran nos anexos I e II, respectivamente, con 26 votos a favor, 5 votos en contra e 5 abstencións.

7. Aprobación, se procede, dos criterios para o reparto de recoñecementos docentes entre o profesorado.

A profesora Antonia Arias pediu que o Decanato poña en coñecemento da Reitoría o esforzo adicional que implica a docencia nos Másters respecto á docencia nos Graos e que teña isto en conta a efectos de conceder maiores recoñecementos. A Decana explicou que xa vén reivindicando esta cuestión na Vicerreitoría competente e que o seguirá facendo.

Aprobáronse os criterios por asentimento.

8. Rogos e preguntas.

O alumno Miguel Diéguez felicitou ao vicedecano José Carlos Orge pola xestión realizada para a instalación da fonte. Ademais pediu a creación dun enlace dende a páxina web do centro á paxina web da Delegación de Alumnos e que se explique a razón que motivou a retirada do anuncio do "Banco de apuntes" da porta da Delegación de Alumnos. En relación con este último punto, Miguel Diéguez explicou que o "Banco de apuntes" non substitúe ás Guías docentes, que é o documento que os alumnos empregan para preparar a materia, senón que complementa os posibles materiais que os profesores recomendan. A decana manifestou que os alumnos si poden crear un banco de apuntes pero non un banco de apuntes avalado pola Delegación de Alumnos pois non teñen ningún criterio para a súa revisión, dándolles unha aparencia institucional. Miguel Diéguez engadiu aos argumentos explicados anteriormente, que os apuntes corren a cargo da Delegación. A Decana manifestou que a función da Delegación de Alumnos no é achegar apuntes.

A profesora Noemí García Gestoso felicitou ao Decanato pola labor na confección dos horarios provisionais e pediu que conste en acta a súa petición ao respecto que segue a continuación:

"Se solicita que se posponga la aprobación provisional de los horarios prevista en el punto 6 de la Junta de hoy de las titulaciones del centro -y dado que al final, por las informaciones previstas pedidas y en la Junta solo se presentan los del Grado en Derecho y Relaciones Laborales- a una Junta en que se presenten y aprueben todos los horarios, incluidos los de primera de la simultaneidad, conforme en realidad es derivado de la literalidad del punto 6, y tras una consulta previa y

remisión de la información, de modo que se pueda haber participado y haber tenido conocimiento previo del conjunto.

La razón de esta solicitud es que, en este caso concreto, especialmente, para los profesores con docencia en primero es necesario hacer la aprobación conjunta, puesto que unos horarios condicionan decisivamente los otros y las asignaturas a impartir por el profesorado. Más aún teniendo en cuenta que algunos profesores también tienen docencia en otros cursos por lo que debe de existir una información y un proceso de consultas previos.

Se sienta y generaliza, además, un precedente para el futuro, a mi entender, no adecuado dado que la elaboración de horarios y presentación a su aprobación por la Junta se realiza sin dar información previa a los Departamentos, profesores de las áreas y sin intervención de la Comisión de docencia ni de la Comisión permanente. Situación que se agrava si se realiza en momentos distintos la aprobación de los horarios del Grado en Derecho y RRLI y posteriormente los del Grado ADE/DERECHO que progresivamente se implantarán a los restantes curso".

A sesión rematou a ás 14:45 hs., do cal, como Secretaria da Comisión, dou fe.

HORARIOS GRAO DEREITO

CURSO 2014-15

Actividade docente:

Curso cero: Semana 1 a 5 de setembro

Primero cuatrimestre:

Segundo cuatrimestre

CLASES TEÓRICAS

1º CUADRIMESTRE

(Do 8 ao 12 de setembro)

HORA	LUNS	HORA	MARTES	HORA	MÉRCORES	HORA	XOVES	HORA	VENRES
09:00 a 10:30	Dereito Romano	09:00 a 10:30	Dereito Romano	09:00 a 10:30	Dereito Romano	09:00 a 10:30	Dereito Romano		
10:30 a 12:30	Dereito Constitucional I	10:30 a 12:30	Dereito Constitucional I	10:30 a 12:30	Dereito Constitucional I	10:30 a 12:30	Dereito Constitucional I		
12:30 A 14:00	Teoría do Dereito	12:30 A 14:30	Teoría do Dereito	12:30 A 14:30	Teoría do Dereito	12:30 A 14:30	Teoría do Dereito		

1º CUADRIMESTRE (A partir do 15 de setembro)

HORA	LUNS	HORA	MARTES	HORA	MÉRC.	HORA	XOVES	HORA	VENRES
09:00 a 10:15	Teoría do Dereito			09:00 a 10:15	Dereito Romano	09:00 a 10:15	Dereito Constitu- cional I		
10:15 a 11:30	Dereito Constitu- cional I			10:15 a 11:30	Dereito Constitu- cional I	10:15 a 11:30	Teoría do Dereito		
11:30 a 12:45	Dereito Romano			11:30 a 12:45	Teoría do Dereito				